

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 22 DE NOVEMBRO DE 2023 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROMOCIÓN INTERNA A PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DE 2022 DA UNIVERSIDADE DE VIGO

No Consello de Goberno que tivo lugar o 20 de marzo de 2019, aprobouse o *Plan de promoción a profesorado Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade*, modificado no Consello de Goberno de 2 de marzo de 2023.

Conforme o establecido no devandito *Plan de promoción*, o 27 de outubro de 2023 publicouse a convocatoria para a actualización de listaxes profesorado acreditado a profesorado Titular de Universidade e a Catedrático/a na Universidade de Vigo.

Publicadas a listaxes definitivas o 15/11/23 de profesorado acreditado a Titular de Universidade e Catedrático/a de Universidade determinouse a orde de convocatoria de prazas para as categorías sinaladas.

De acordo coa orde establecida de convocatoria de prazas para a categoría de Titular de Universidade e as oferta de emprego público de 2022 da Universidade de Vigo, procede a convocatoria de 7 prazas de profesorado Titular de Universidade, polo que o Consello de Goberno, na sesión de 22 de novembro de 2022, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar a convocatoria e creación de **7 prazas (OEP 2022) de profesorado Titular de Universidade** nas áreas de coñecemento relacionadas no anexo I.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica,

Patricia Valcárcel Fernández



ANEXO I

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade (RR 15/11/2023), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019 e modificado no Consello de Goberno de 02/03/2023).

Prazas	Área	Departamento	Campus
1	Antropoloxía social (030)	Análise e intervención psicosocioeducativa (X01)	OURENSE
1	Didáctica da expresión corporal (187)	Didácticas especiais (X05)	OURENSE
1	Economía financeira e contabilidade (230)	Economía financeira e contabilidade (X07)	OURENSE
1	Filoloxías galega e portuguesa (370)	Filoloxía galega e latina (H03)	OURENSE
1	Prehistoria (695)	Historia, arte e xeografía (H05)	OURENSE
1	Produción vexetal (705)	Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente (T06)	PONTEVEDRA
1	Química física (755)	Química física (C11)	OURENSE



Código seguro de Verificación : GEN-8784-fd7a-c53a-9f13-8b47-18a8-f2e6-5d2b | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-8784-fd7a-c53a-9f13-8b47-18a8-f2e6-5d2b

Url validación : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : PATRICIA VALCARCEL FERNANDEZ | FECHA : 22/11/2023 17:38

